**DECRETO**
**EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 22-2024). COMPROMISO FIRME DE FINANCIAMENTO POR PARTE DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA POLO IMPORTE DE 561.046,20 EUROS, EN BASE Á RESOLUCIÓN DO 02.10.2023, PARA A POSTA EN MARCHA DO OBRADOIRO DE EMPREGO "ARQUIVALUGO",**

Visto o expediente tramitado relativo á MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 22-2024) financiada co compromiso firme por parte da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia polo importe de 561.046,20 euros, en base á Resolución do 02.10.2023, para a posta en marcha do obradoiro de emprego "ARQUIVALUGO".

- Proposta da Excma. Sra Alcaldesa do 23.08.2024 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da executividade dos recursos afectados:

***PROPOSTA DA EXCMA. SRA. ALCALDESA***
***ASUNTO. Expediente de xeración de crédito nº 22/2024***

*Visto o expediente tramitado relativo ao compromiso firme de financiamento por parte da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia polo importe de 561.046,20 euros, en base á Resolución do 02.10.2023, para a posta en marcha do obradoiro de emprego **"ARQUIVALUGO"**, co seguinte desglose, segundo anexo á resolución de concesión de subvención:*

*Subvención por anualidades:*

| | |
|---|---|
| *2023* | *185.866,17 €* |
| *2024* | *375.180,03 €* |

*Subvención para gastos de formación e funcionamiento:*

| *Datas previstas* | | *Nº alumnos/as traballadores* | *Nº horas* | *Importe módulo A* | *Importe módulo B* | *Total* |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *Inicio* | *Remate* | | | | | |
| *06.11.2023* | *05.11.2024* | *20* | *1920* | *150.144,00* | *42.240* | *192.384* |

*Subvención para gastos salariais de alumnos/as-traballadores/as participantes:*

| *Número de contratos* | *Total subvención* |
|---|---|
| *20* | *338.662,20 €* |



MURALLA patrimonio da humanidade

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 26/08/2024)
Decreto Nº: 7827/2024 - Fecha de firma: 26/08/2024
Versión imprimible

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-08-26 10:08:54.00)
CVD: JjngooaD38CO03JBZgcj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 7827/2024

*Subvención, se é o caso, para incentivos á contratación laboral:*

| *Datas previstas* | | *Nº contratos* | *Importe subvención* |
|---|---|---|---|
| *Inicio* | *Remate* | *20* | *30.000* |
| *20.11.2024* | *20.02.2025* | | |

*Número de alumnos/as traballadores/as especialidades:*

| *Codigo* | *Especialidade* | *Núm. alumnos/as traballadores/as* |
|---|---|---|
| *ADGG0508* | *Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos* | *8* |
| *IFCD0110* | *Confección e publicación de páxinas web* | *6* |
| *ARGG0110* | *Deseño de produtos gráficos* | *6* |

*Tendo en conta o interese na execución dos citados programas de fomento do emprego, así como a natureza de financiamento afectado da aportación da CCAA.*

*Visto que no Orzamento Xeral Municipal 2024, aprobado inicialmente o 28.12.2023 (BOP núm. 298 do 30.12.2023) consta nas previsións iniciais de gasto, subprograma 24102, o importe de 81.226,04 €, tramitouse pola Intervención Xeral expediente de xeración de crédito núm.1/2024, aprobado por Decreto desta Alcaldía núm. 324/2024, do 16.01.2024*

*Vista providencia do director do Obradoiro de Emprego "ArquivaLugo", Manuel Barreiro Río, do 22.08.2024, no que se pon de manifesto o seguinte:*

***"INFORME PARA GENERACIÓN DE CRÉDITO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "ARQUIVALUGO". CP 232410202.***
***Nº EXPTE TECOL 2024/L003/000089***

*Por resolución da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia de data dous de outubro de 2023 concedéuselle unha subvención ao Concello de Lugo polo importe total de 561.046,20€ para a realización do proxecto deste obradoiro de emprego.*

*Distribución por anualidades:*

| | |
|---|---|
| *2023* | *185.866,17 €* |
| *2024* | *375.180,03 €* |

*Visto que no **Orzamento Xeral Municipal 2024** constaba nas previsións iniciais de gasto un importe de **81.226,04 €**, que incluía entre outros conceptos o total da aportación municipal de 21.000 € para a execución do proxecto segundo a seguinte distribución:*

| *Aplicación Orzamentaria* | *Importe* |
|---|---|
| *24102.22699* | *9.000 €* |
| *24102.62600* | *12.000 €* |

*Visto que esta previsión inicial de gasto era insuficiente procedéuse á tramitación dun expediente de modificación orzamentaria na modalidade de xeración de crédito **(EXPTE XC 1/2024), polo importe de 293.953,99 €**, correspondente á diferencia entre a subvención da Xunta de Galicia establecida na*



FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 26/08/2024)
Decreto Nº: 7827/2024 - Fecha de firma: 26/08/2024
Versión imprimible

*sinalada resolución para o exercicio 2024 (375.180,03 €) , e o reflictido no estado de gastos do Orzamento Xeral Municipal 2024 (81.226,04 €).*

*Visto que no cálculo realizado non se tivo en conta que se estaba a imputar o importe da aportación municipal como parte da cantidade correspondente á subvención concedida pola Consellería de Promoción de Emprego e que no vixente orzamento municipal non figura o importe correspondente aos **incentivos á contratación laboral** para promover a inserción laboral das persoas participantes no obradoiro dual de emprego, **propónse iniciar un expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito, polo importe de 30.000 €** segundo a seguinte táboa:*

| *Aplicación Orzamentaria* | *Importe* |
|---|---|
| *24102.48100* | *30.000 €* |

*Propónse a tramitación do expediente administrativo de modificación orzamentaria mediante a modalidade de xeración de crédito, **polo importe de 30.000, correspondente á diferencia entre a subvención da Xunta de Galicia establecida na sinalada resolución para o exercicio 2024, e o reflictido no estado de gastos do Orzamento Xeral Municipal 2024**, según o seguinte tenor e creando a tal efecto las aplicacións orzamentarias, de ser o caso, e os Códigos de Proxectos seguintes:*

- *Investimentos :*
  ***Programa "Obradoiro de Emprego "ARQUIVALUGO ".***
- *Importe subvención**:***
  - *Ano 2023: 185.866,17 €*
  - *Ano 2024:  375.180,03 €*
  - *Coeficiente de Financiamento Global: 100 %*

✓ ***Xeracion de crédito: 293.953,99 €**.*

*ESTADO DE INGRESOS: Compromisos firmes de aportación da Xunta de Galicia*

| ***Concepto*** | ***Código proxecto*** | ***Importe*** |
|---|---|---|
| *45050* | *232410202* | ***30.000,00 €*** |
| | ***TOTAL*** | ***30.000,00 €*** |

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.

| ***Aplicación Orzamentaria*** | ***Código proxecto*** | ***Importe*** |
|---|---|---|
| *24102.48100* | *232410202* | ***30.000,00 €*** |
| | ***TOTAL*** | ***30.000,00 €*** |

-Informe favorable da Intervención Xeral Municipal Ref.: 2024/1228 do 26.08.2024.

Vistos os antecedentes anteriores, considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 26/08/2024)
Decreto Nº: 7827/2024 - Fecha de firma: 26/08/2024
Versión imprimible

Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demáis normativa, **RESOLVO**:

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 22/2024), introducíndose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

- ❑ Investimentos :
  **Programa "Obradoiro de Emprego "ARQUIVALUGO ".**
- ❑ Importe subvención:
  - Ano 2023: 185.866,17 €
  - Ano 2024: 375.180,03 €
  - Coeficiente de Financiamento Global: 100 %

✓ **Xeracion de crédito: 293.953,99 €.**

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos firmes de aportación da Xunta de Galicia

| Concepto | Código proxecto | Importe |
|---|---|---|
| 45050 | 232410202 | 30.000,00 € |
| | **TOTAL** | **30.000,00 €** |

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.

| Aplicación Orzamentaria | Código proxecto | Importe |
|---|---|---|
| 24102.48100 | 232410202 | **30.000,00 €** |
| | **TOTAL** | **30.000,00 €** |

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.



FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 26/08/2024)
Decreto Nº: 7827/2024 - Fecha de firma: 26/08/2024
Versión imprimible